

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado pola Resolución do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015.*

Mediante a Resolución desta dirección xeral do 10 de decembro de 2014 (DOG núm. 242, do 18 de decembro) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria.

Mediante a Resolución do mesmo órgano, do 24 de abril de 2015 (DOG núm. 82, do 4 de maio), modificouse o anexo I da antedita resolución, ampliando o número de prazas convocadas e reabrindo o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso.

Na súa base sétima dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, e publicárase para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

#### ACORDA:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015, e que aparecen relacionados no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade de data 16 de xuño de 2015, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).



Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2015

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

## ANEXO

Categoría	Composición	Apelidos e nome	
Médico/a de familia	Presidente/a titular	Castro Seijas, Mercedes	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo técnico da función administrativa.
	Secretario/a titular	Montero Furelos, M <sup>a</sup> José	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo técnico da función administrativa.
	Vogal titular	Alonso Fachado, Alfonso	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.
	Vogal titular	Agromayor Faílde, Aquilino	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.
	Vogal titular	García Caeiro, Javier	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.
	Vogal titular	Otero Bouzada, Cristina	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.
	Vogal titular	Valverde Leis, Jesús	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.
	Presidente/a suplente	Sampedro Morandeira, José Luis	Persoal estatutario de xestión e servizos. Grupo técnico da función administrativa.
	Secretario/a suplente	De Castro-Acuña Iglesias, Nuria	Persoal estatutario licenciado sanitario. Farmacia de Atención Primaria.
	Vogal suplente	Aboal Beato, Miguel Ángel	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.
	Vogal suplente	Brea Lago, Vanessa	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.
	Vogal suplente	García González, Jesús	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.
	Vogal suplente	González Lorenzo, M <sup>a</sup> del Portal	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.
	Vogal suplente	Naya Cendón, Consuelo	Persoal estatutario licenciado sanitario. Medicina de Familia.

